

SAMAÍN 2016



Este ano dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega queremos aproveitar a celebración do Samain para dar a coñecer personaxes míticos/mitolóxicos da nosa cultura.

Pretendemos que as novas xeracións coñezan eses seres que lles daban medo aos seus avós e avoas nas noites escuras. Parécenos moi importante conservar estas historias que forman parte da nosa cultura que é tan necesaria conservar e transmitir.

Dende aquí facemos tamén un chamamento para invitar ao colexio ós avós e avoas que lles gustaría compartir con nós aventuras que puideran vivir con algúns destes personaxes ou seres parecidos.

Esperamos que vos guste a nosa selección e aprendades a ter medo con estes personaxes non tan coñecidos pero igual de interesantes que os que habitualmente nos asustan. JAJAJAJAJA!!!!!!

AS LAVANDEIRAS

Din as xentes que as viron que as Lavandeiras son mulleres vellas con rostros moi engurrados e ollos avermellados, probablemente de moito chorar. Algúns tamén contan que adoitan vestir de negro e teñen unha cabeleira longa e branca.

As Lavandeiras acostuman a verse de noite lavando nos ríos, fontes ou lavadoiros. Lavan roupa manchada de sangue, xa que son mulleres que morreron por algunha complicación relacionada co parto; e están condenadas a lavar e lavar a súa roupa manchada de sangue que nunca se vai. Se pasa algún camiñante pídenlle que lles axude a torcer a roupa. Se acepta, ten que acordarse de que non ten que torcer no mesmo sentido ca elas, porque se o fai, estará perseguido pola mala sorte e mesmo podería morrer.

O GATIPEDRO

O gatipetro é unha figura mitolóxica galega do que nos fala o escritor Álvaro Cunqueiro.

O gatipetro é un gato de cor branco que ten na testa un corno de cor escura. Este gato anda encima das catro patas pero ademais apóiase na lingua para andar.

Dise que o gatipetro entra polas noites nas casas onde hai nenos durmindo. Cando chega as súas habitacións, empeza a verter auga polo seu corniño e o neno, en soños, escoitando o pingar do corniño soña que mexa e méxase na cama.

A maneira de espantar o gatipetro das nosas casas é botando unhas areas de sal á porta da habitación e ao pé da ventá; porque como anda, ademais de sobre as súas patas, encima da lingua, ao probar o sal, o gatipetro dá volta e persegue o seu camiño, deixando en paz aos nenos da casa.

Este díptico foi elaborado con axuda do libro CUBA, X. R., MIRANDA, X. E REIGOSA, A., Dicionario dos seres míticos galegos, Xerais, Vigo, 2008

A MARUXAINA

A Maruxaina é unha serea da Mariña de Lugo. A Maruxaina, como calquera outra serea, ten corpo de muller fermosa, con longos cabelos e da cintura para baixo ten corpo de peixe. Pode levar un espello e un peite para peitear os seus longos cabelos. Vive nas covas dos Farallóns (situadas nas illas dos Farallóns mesmo en fronte da vila de San Cibrao), baixo o illote de Sombriza.

Uns contan que a serea tenlle envexa ás mulleres dos mariñeiros e por iso atráeos cos seus cantos melódicos e eles naufragan nos cantís dos Farallóns. Así ela pode gozar da súa compañía.

En cambio, outros relatan que a Maruxaina é unha protectora dos mariñeiros que pasa o tempo fiando e, cando vai mal tempo, sobe a un penedo e desde alíponse a berrar ou tocar o corno para dar aviso de que non se debe saír ao mar.

En San Cibrao asústase aos nenos coa Maruxaina. Díselles que se non se portan ben vén a Maruxaina e lévaos aos Farallóns.

O TARDO

O Tardo é un ser parecido a un trasno. É moi pequeno, peludo, con moitos dentes, de cor verdosa e os ollos redondos e negros. Pesa moito aínda que é anano. Ten barba e vai vestido cun traxe vello e un pucho vermello. Algúns din que o gorro vermello leva cascabeis. Vive baixo a terra e instálase na casa facendo entradas invisibles para os humanos. Anda a chimpos e vai armado cunha espadaña do tamaño dun alfinete. É moi áxil. É moi medroso e covarde. Ten moito coidado de que non o vexan nin os gatos nin os cans porque poden velo mellor ca nós. Só sae de noite. Non é moi intelixente pero é moi curioso.

Pola noite, aproveita para sentarse encima do peito das persoas que dormen na casa provocándolles dor, pesadelos e angustias. Así é a maneira que ten para divertirse moito.

Para librarse del, basta con deixar unha cunca de graos pequenos na cociña. Como é moi curioso, quere saber cantos grans hai alí, e cóntaos; pero só sabe contar ata tres, dez ou cen, e chegando a ese número volve a empezar e perde a conta. Así conséguese que pase toda a noite enteira sen molestar á xente da casa que dorme. Ao amencer, como non soporta a claridade, desaparece.

As persoas que deixan durmir con eles os cans ou os gatos conseguen tamén que o Tardo non veña molestalos.

Un curso máis, para celebrar a festa do Samaín, pedimos a vosa colaboración para que quen queira, achegue ao centro a súa cabaza decorada para realizar unha exposición de cabazas.

As cabazas poderán entregarse no colexio:

dende o luns 24 ata o venres 28 de outubro

As cabazas deberán vir co nome do alumno ou alumna.



O venres 28, á saída terás que recoller a túa cabaza para celebrar a noite de Samaín. Poderás colocala nunha ventá, diante da porta, na terraza,... De seguro que a túa cabaza vai che axudar a darlle moitos sustos a túa familia, veciños e amigos.

Boa noite de Samaín! JA JA JA JA

A exposición de cabaza poderá visitarse dende o luns 24 de outubro: de 9:15 9:45 e de 13h30-14h00.